

3º POSTO – CATEGORÍA XUVENIL

A XUSTIZA POLA MAN

Púxenme a escoitar *Kill Bill* de Sza. Non sabía por onde empezar. Estaba todo feito un desastre. Espero, polo menos que ningún se decatara do que pasara. Empecei trasladándoo ao garaxe. Posteriormente, limpei o sangue da bañeira e as pingas que provocara o seu desprazamento. Para case rematar, fun ao garaxe, collín a motoserra e empeceino a despezar. Isto, non sei porque, dábame unha satisfacción increíble, ese cabrón merecíase todo o malo, inclusive morto. Agora si, para rematar metín os anacos nunha bolsa e fun cara a parte traseira do xardín onde estaba a pa, fixen un burato fondo e enterrei a bolsa. Xa ninguén sabería o que pasou...

Un día antes, as miñas amigas máis eu fomos ao festival que levábamos esperando todo o ano. Todo para que un home o fastidiara por completo. Ao chegarmos encamiñámonos directamente cara o palco para ver a primeira actuación. Cando rematou, dirixímonos cara a barra para coller algunha bebida e, de seguido, volvemos cara o palco. Cara o final da segunda actuación, a miña amiga Ánxela comezou a sentirse mal e marchei con ela ao baño. Aínda que vomitara, seguía a se sentir mal, polo que cambiei os meus plans e marchei con ela cara a miña casa, que era a que estaba máis próxima. A medida que nos acercabamos á casa, a Ánxela custáballes máis andar. Xa cando só faltaban cen metros, sentín detrás de nós a presenza de alguén e, ao me xirar, vin un home. Apresurei o paso para entrar na casa.

Xa nela, acompañei a Ánxela á miña habitación e tapeina para que durmira. Fun ao salón, e prendín a televisión para ver se me daba o sono. Mais o único que oín nese momento foi a unha voz que dicía: "Mulleres, xa non sodes as primeiras, tranquilas." Ao escoitalo, virei a cabeza e vino. Ese cabrón drogara a miña amiga. Rápido, fun á cociña e collín un coitelo. Dirixinme correndo ao baño co home detrás de min. Aínda así deume tempo a meterme dentro e fechar a porta. Que facer agora?

O home comezou a golpes na porta e agarreime ao coitelo. Sen pensalo dúas veces abrín a porta disposta a matalo. Nese momento, o home pisou na alfombra sen querer debido a inercia e caeu de fuciños na bañeira. Era a miña oportunidade. Non quería que se escoitara nada, así que volví pechar a porta e, sen darlle máis voltas, enterreille o coitelo no pescozo. Non sei nin como, pero morreu ao instante.

Tempo máis tarde espertei a Ánxela, quen non se enterou de nada, e leveina á súa casa. Xa de volta, deiteime na cama mentres matinaba en como arranxar aquilo.